Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2025/G010/000005

Nº de Entrada	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
	3	024	5	23C	GALICIA	DOM. EDIFICIO MUSEO NAUFRAXIO, AULA FORMACION NAUTICA E CAFETERIA, ANO 2024
/2024/2798	PP24- 4	18/12/2024	500	G56246549	ASOCIACION CULTURAL A PEDRA DO PORTO	Actuación da coral da asociación ""Vento Mareiro"" en Arou o 9/11/2024
/2024/2799	PP24- 5	18/12/2024	500	G56246549	ASOCIACION CULTURAL A PEDRA DO PORTO	Actuación da coral da asociación ""Vento Mareiro"" en Camelle o 6/12/2024
/2024/2802	1000029690	25/05/2023	55,98	B15913601	DISTRIBUCION ES O VILAN S.L	AUGAS MESAS ELECT.
/2024/2804	10/003820	24/08/2023	113,1	B15913601	DISTRIBUCION ES O VILAN S.L	GRANBAZAN VERDE (REGALO PROTOCOLO ASOCIACION LA TURBALLE-CAMARIÑAS)
/2024/2805	10/001365	12/04/2024	112,98	B15913601	DISTRIBUCION ES O VILAN S.L	AUGAS E CERVEZAS (FUTBOL CAMARIÑAS)
/2024/2810	T1273	18/12/2024	709,04	B10839116	IRMAS BERMUDEZ, S.L.	ARRANXO VEHICULO POLICIA LOCAL, MATRICULA 7084JGL (DISCOS FRENO, PASTILLAS FRENO, RODAS)
/2024/2813	V-FAC+ 24F007643	15/12/2024	686,55	B70129192	ABN PIPE DISTRIBUCION SL	Nº albarán 24A017336 (04/12/24) / BRIDA D.C. AUTOBLOCANTE MAJOR STOP PN16 DN50-D63 / BRIDA D.C. AUTOBLOCANTE MAJOR STOP
/2024/2825	477	23/12/2024	1681,3	76355825B	MANUEL MOREIRA NAVEIRA	PALA MIXTA/CAZO, SERVICIOS (PALA ARQUETA ARIÑO, PALA RAMPA DOR)
/2024/2826	F001/395	10/12/2024	825	32774610R	BEGOÑA CASTRO POSE	CHOCOLATE CON CHURROS CELEBRADO O DIA DE SAMAIN.
/2024/2832	471	26/12/2024	243,2	76364130J	JUAN MANUEL CALVO ROMERO	FOTOCOPIAS COLOR A4 E ENCUADERNACIONES (PARQUE CAMELLE)
/2024/2835	P24 010695	23/12/2024	393,25	A15000649	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	CAMARIÑAS CONCELLO - ESPECIAL NADAL
/2024/2836	473	26/12/2024	169,76	76364130J	JUAN MANUEL CALVO ROMERO	CAMPAMENTOS VERAN (PACK GLOBOS AUGA, ROLLOS PAPEL, PACK FOLIOS, GOMA EVA, ROTULADORES, CERAS, PEGAMENTO, SEDA, COLA PAPE
/2024/2837	474	26/12/2024	14,99	76364130J	JUAN MANUEL CALVO ROMERO	ROLLOS FIXO EMBALAJE, ROTULADOR BIC (CULTURA)
/2024/2841	45489	08/06/2023	32	B70111166	ELECTRONICA CARRIL, SL	AURICULARES
/2024/2842	54	19/11/2024	99,09	32796873T	RAFAEL MOREIRA	PORTA PARA CADRO ELECTRICO BOMBEO RAMON NOOQUERA

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2025/G010/000005

Nº de Entrada	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
					CARRIL	(PLETINA INOX, CHAPA INOX, BISAGRAS, SOLDADURA)
2024/2844	S 6424	27/12/2024	69,09	B15026693	ESPINA&DELFIN,S.L.	-UD. SUMINISTRO DE PACK DE BATERIA DE LITIO: Suministro de batería de litio para telecontrol NEMO-N200 (4,5 V) según
2024/2845	S 6425	27/12/2024	439,42	B15026693	ESPINA&DELFIN,S.L.	-UD. ACTUACIONES VARIAS: Actuaciones varias recogidas en el alabrán 21763 de 19/12/2024 incluyendo: . - Sustit
2024/2850	1091	18/12/2024	442,01	79315588L	SIMON SANTOS ROA	INSTALACION DIFERENCIAS REARMABLE C. CURROS
2024/2858	20241635	23/12/2024	988,38	B70444013	OK3 SEGURIDAD INDUSTRIAL, S.L.	INSPECCION REGLAMENTARIA INSTALACION ELECTRICA DE BAJA TENSION DE ALUMBRADO EXTERIOR, CUADRO CM-35 SITO EN LUGAR COSTA,
2024/2859	1 000714	24/10/2024	1644,39	B15619612	NOGAL RIOSAN,S,.L.	Desratizado CAMPO DE FÚTBOL OCTUBRE 2024 / Desratizado CEIP CAMELLE OCTUBRE 2024 / Desratizado / Desinsectación rastrer
2024/2860	1 000803	30/11/2024	883,3	B15619612	NOGAL RIOSAN,S,.L.	Desratizado noviembre 2024 / Desratizado CAMPO DE FÚTBOL NOVIEMBRE 2024 / Desratizado 2ºnoviembre 2024
2024/2861	1 000840	19/12/2024	350,9	B15619612	NOGAL RIOSAN,S,.L.	Desratizado 1ºDICIEMBRE 2024
2024/2862	1 000842	19/12/2024	60,5	B15619612	NOGAL RIOSAN,S,.L.	Desratizado CEIP O AREAL DICIEMBRE 2024
2024/2863	B 0073	15/11/2024	59,29	79320681Y	DIEGO ALONSO FREIRE	RENOVACIÓN Y MANTENIMIENTO DE DOMINIOS PERIODO ANUAL. DOMINIO MOSTRADOENCAIXE.ES
2024/2865	2,1241230040001E+016	30/12/2024	29,77	A95758389	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	Términos de potencia / Términos de energía / Importes alquileres / Impuestos sobre la Electricidad 5,11269632 % s/24,47
2024/2866	2,1241230040001E+016	30/12/2024	6772,93	A95758389	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	Términos de potencia / Términos de energía / Importes excesos de potencias / Importes alquileres / Impuestos sobre la EI
2024/2867	2,1241230040001E+016	30/12/2024	118,62	A95758389	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	Términos de potencia / Términos de energía / Importes alquileres / Impuestos sobre la Electricidad 5,11269632 % s/100,39
2024/2868	2,1241230040001E+016	30/12/2024	3742,25	A95758389	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	Términos de potencia / Términos de energía / Complementos por reactiva / Importes alquileres /

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2025/G010/000005

Nº de Entrada	Nº de Document o	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
						Impuestos sobre la Electr
/2024/2869	2,124123 0040001E +016	30/12/2 024	25,28	A957583 89	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	Términos de potencia / Términos de energía / Importes alquileres / Impuestos sobre la Electricidad 5,11269632 % s/21,28
/2024/2870	2,124123 0040001E +016	30/12/2 024	154,01	A957583 89	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	Términos de potencia / Términos de energía / Importes alquileres / Impuestos sobre la Electricidad 5,11269632 % s/119,81
/2024/2871	2,124123 0040001E +016	30/12/2 024	174,56	A957583 89	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	Términos de potencia / Términos de energía / Importes alquileres / Impuestos sobre la Electricidad 5,11269632 % s/148,74
/2024/2872	2,124123 0040001E +016	30/12/2 024	431,74	A957583 89	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	Términos de potencia / Términos de energía / Importes excesos de potencias / Importes alquileres / Impuestos sobre la EI
/2024/2873	2,124123 0040001E +016	30/12/2 024	38,08	A957583 89	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	Términos de potencia / Importes alquileres
/2024/2874	2,124123 0040001E +016	30/12/2 024	249,9	A957583 89	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	Términos de potencia / Términos de energía / Importes alquileres / Impuestos sobre la Electricidad 5,11269632 % s/195,21
/2024/2875	2,124123 0040001E +016	30/12/2 024	44,11	A957583 89	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	Términos de potencia / Términos de energía / Importes alquileres / Impuestos sobre la Electricidad 5,11269632 % s/36,84
/2024/2876	2,124123 0040001E +016	30/12/2 024	147,22	A957583 89	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	Términos de potencia / Términos de energía / Importes alquileres / Impuestos sobre la Electricidad 5,11269632 % s/114,77
/2024/2877	2,124123 0040001E +016	30/12/2 024	613,98	A957583 89	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	Términos de potencia / Términos de energía / Importes alquileres / Impuestos sobre la Electricidad 5,11269632 % s/476,9
/2024/2878	2,124123 0040001E +016	30/12/2 024	103,63	A957583 89	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	Términos de potencia / Términos de energía / Importes alquileres / Impuestos sobre la Electricidad 5,11269632 % s/87,07
/2024/2879	2,124123 0040001E +016	30/12/2 024	2135,5 8	A957583 89	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	Términos de potencia / Términos de energía / Importes alquileres / Impuestos sobre la Electricidad 5,11269632 % s/1.823,
/2024/2880	2,124123 0040001E +016	30/12/2 024	306,67	A957583 89	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	Términos de potencia / Términos de energía / Complementos por reactiva / Importes alquileres / Impuestos sobre la Electr

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2025/G010/000005

Nº de Entrada	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
2024/2881	2,124123 0040001E +016	30/12/2024	167,11	A95758389	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	Términos de potencia / Términos de energía / Importes alquileres / Impuestos sobre la Electricidad 5,11269632 % s/142,23
2024/2882	2,124123 0040001E +016	30/12/2024	981,83	A95758389	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	Términos de potencia / Términos de energía / Complementos por reactiva / Importes excesos de potencias / Importes alquiler
2024/2883	2,124123 0040001E +016	30/12/2024	354,69	A95758389	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	Términos de potencia / Términos de energía / Importes alquileres / Impuestos sobre la Electricidad 5,11269632 % s/278,09
2024/2884	2,124123 0040001E +016	30/12/2024	5976,19	A95758389	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	Términos de potencia / Términos de energía / Importes excesos de potencias / Importes alquileres / Impuestos sobre la EI
2024/2885	2,124123 0040001E +016	30/12/2024	119,16	A95758389	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	Términos de potencia / Términos de energía / Importes alquileres / Impuestos sobre la Electricidad 5,11269632 % s/101,79
2024/2886	2,124123 0040001E +016	30/12/2024	485,33	A95758389	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	Términos de potencia / Términos de energía / Importes alquileres / Impuestos sobre la Electricidad 5,11269632 % s/415,65
2024/2887	2,124123 0040001E +016	30/12/2024	526,55	A95758389	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	Términos de potencia / Términos de energía / Importes alquileres / Impuestos sobre la Electricidad 5,11269632 % s/449,55

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación nº 1064 (14/02/2025) ao Consorcio Galego por importe de 936,32 €, en concepto de xantar na casa, 4º trimestre 2024 .

TERCEIRO.- Que unha vez aprobado polo Pleno, e entrado en vigor as modificacións orzamentarias 04/2025 mediante suplemento de crédito (1/2025) e a modificación 05/2025 mediante crédito extraordinario (1/2025), se proceda a dar traslado a Intervención e Tesourería Municipal, para que procedan ó recoñecemento das obrigas anteriores e o seu pagamento.

En Camariñas, Sandra Insua Rial

(Documento asinado dixitalmente á marxe)"

Camariñas, xoves 20 de marzo de 2025

A presidencia,

Asdo: FABIAN CANOSA PASANTES

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa di que o mesmo, que vai para 413.

Sr Rodríguez pregunta si ten reparo?

Sra alcaldesa di que Si

Sra Mouzo di que o informe de intervención ten reparo suspensivo e aprobades co voso voto a favor o noso non, o informe fala de abuso de contrato menor, ausencia de tramitación e xemplos

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2025/G010/000005

de unha non boa xestión, imos votar en contra e para que fagades as cousas o mellor posible e non imos votar en contra do informe de intervención.

-----VOTACIÓNS-----

Non habendo mais intervencións sométese á votación co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 8

0 GRUPO MIXTO - BNG
8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 5

1 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
4 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: maioría absoluta.
Estado da Proposta: Aprobada.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

8º. Decretos da Alcaldía:

Do Decreto Nº 9/2025 do 7 de xaneiro de 2025 ao Decreto 230/2025 do 19 de xaneiro de 2025.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta dos decretos referidos asinados pola Alcaldía desde a última convocatoria da sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Corporación.

Quedan enterados/as.

9º. Dación de conta da rendición 4º trimestre 2024:

a) Informe do período medio de pago.

b) Informe de morosidade.

c) Dación de conta do estado de execución trimestral 4º trimestre 2024.

Quedan enterados/as.

10º. Dación de conta da aprobación da liquidación do exercicio 2024.

Quedan enterados/as.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2025/G010/000005

11º. Mocións de urxencia:

a) Moción do BNG de apoio á plataforma SOS Sanidade Pública para solicitar o apoio á manifestación do día 27 de marzo.

Sométese á votación a urxencia e resulta ratificada por unanimidade dos presentes.
O Sr Rodríguez procede a lectura da MOCIÓN:

MOCIÓN proposta pola Plataforma SOS Sanidade Pública:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, despois da gran manifestación celebrada cun enorme éxito en Vigo, organizada pola Plataforma de Vigo e o resto de Plataformas da área sanitaria, acordamos convocar unha nova manifestación en Compostela o día 6 de abril, ás 12 h desde a Alameda, dada a nula resposta da Xunta de Galicia e da Consellaría de Sanidade ás reivindicacións que expuxemos de incrementar os recursos, mellorar a organización e o funcionamento da Atención Primaria; reactivar e aproveitar plenamente os recursos dos Hospitais Públicos para afrontar o incremento das listas de agarda; e frear a deterioración, desmantelamento e privatización de todo o Sistema Sanitario Público Galego por parte do PP galego.

As organizacións que formamos parte desta alianza social e profesional, consideramos fundamental o apoio dos Concellos (como administracións máis próxima aos problemas da cidadanía), e pedimos o apoio ás reivindicacións que expoñemos de maneira consensuada:

- Máis Atención Primaria: Centros de Saúde e PACs dotados de persoal suficiente de todas as categorías; ben equipados; accesibles en 24-48 horas como máximo; consultas presenciais a solicitude do paciente; reorientar a Atención Primaria á promoción, prevención, traballo comunitario e participación social.

- Máis Atención Hospitalaria: utilización plena dos recursos instalados en hospitais mañá e tarde; recuperar recortes nos hospitais comarcais; acabar coa política de concertación coa privada; restitución ao sistema público dos centros privatizados; plans para reducir listas de agarda e a non ocultación das mesmas; acabar coa precariedade laboral e recuperar a esixencia da dedicación exclusiva do persoal médico.

- Máis Sanidade Pública: incrementar o orzamento sanitario público; Plan de Saúde Galego que adapte os recursos ás necesidades; recuperar os servizos privatizados e as Áreas Sanitarias pechadas; potenciar a Saúde Pública para combater as posibles epidemias para a saúde.

Por todo exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita á corporación municipal do concello de Camariñas a aprobación dos seguintes ACORDOS propostos pola Plataforma SOS Sanidade Pública:

1. Apoiar as reivindicacións da Plataforma SOS Sanidade Pública
2. Instar ao goberno municipal a difundir a través dos medios ao seu alcance a Manifestación convocada pola Plataforma SOS Sanidade Pública do día 6 de abril en Compostela e a facer un chamamento ao conxunto da veciñanza para participe nela.

En Camariñas a 18 de marzo de 2025."

-----INTERVENCIONS-----

Sra Mouzo podemos coincidir que a sanidade ten problemas pero non é verdade o mantra continuo de recortes o Sergas aumentou un 45% en relación o bipartito no 2009, convocades por unha plataforma para desgatar a Xunta, é liderada polo Sr Manuel Martín que apoiaba como asesor o bipartito una redución dos PACs tamén criticou o Convenio entre o Sergas e Amancio Ortega cunha inversión de 18 millóns de euros, tamén apoia a dedicación exclusiva dos médicos, si pedimos eso igual din que non lle interesa a pública, acabar a concertación ca privada, dicir que aquí temo un cribado natal e vacunación mais completa do mundo.

Sr Rodríguez di que a plataforma é transversal e están mais de 50 colectivos, Psoe, Ciga sindicatos, agrupación medicos, matronas etc.

Sr Caamaño di que hoxe pediu unha cita no médico de familia e deronlle para o 9 de abril.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2025/G010/000005

O Sr Camiño di que ten unha cita pendente no Abete y lago dende o 9 de abril de 2023.

-----VOTACIÓNS-----

Non habendo mais intervencións sométese á votación co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 9

- 1 GRUPO MIXTO - BNG
- 8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 4

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 4 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: maioría absoluta.

Estado da Proposta: Aprobada.

11º. Mocións urxencia:

b) Moción do BNG para solicitude para a retirada da Avenida Ambrosio Feijoo.

Sométese á votación a urxencia e resulta ratificada por unanimidade dos presentes.

O Sr Rodríguez procede a lectura da MOCIÓN:

MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 20/2022 de 19 de outubro de Memoria Democrática concreta os elementos contrarios á memoria democrática, que deben ser retirados.

Artigo 35.1: “Considéranse elementos contrarios á memoria democrática as edificacións, construcións, escudos, insignias, placas, calquera outros elementos ou obxectos pegados a edificios públicos ou situados na vía pública nos que se realicen mencións conmemorativas en exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar e da Ditadura, dos seus dirixentes, participantes no sistema represivo ou das organizacións que sustentaron a ditadura e as unidades civís ou militares de colaboración entre o réxime franquista e as potencias do eixo durante a Segunda Guerra Mundial”.

35.2. As referencias realizadas en topónimos, no rueiro ou nas denominacións de centros públicos.

36.3. As administracións públicas, no exercicio das súas competencias e territorio, adoptarán as medidas oportunas para a retirada de ditos elementos Ambrosio Feijoo Pardiñas participou na represión como membro de tribunais militares en Galiza e Asturias con numerosas sentenzas contra quen defenderon a democracia e o goberno lexítimo e democrático da 1 República.

Axuntamos unha investigación sobre a figura de Ambrosio Feijoo, elaborada polo Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses, por encargo do concello da Coruña e coordinada polos historiadores Ana Romero Massía e Luis Lamela García, que xustifica a eliminación da súa avenida.

O concello de Camariñas colocaba dúas placas -unha en Ponte do Porto, próxima á casa do sindicalista Rogelio Mazaeda, que pasou catorce anos na clandestinidade antes de lograr fuxir a Cuba, e outra nos xardíns da Dársena de Camariñas- o 31 de outubro de 2023 cos nomes de nove veciños asasinados polo franquismo, coincidindo co que sinala o artigo 7 da Lei de Memoria Democrática (LMD) de outubro de 2022: “Declárase o 31 de outubro de cada ano como día de

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2025/G010/000005

lembanza e homenaxe a todas as vítimas do golpe militar, a Guerra e da Ditadura”

A alcaldesa de Camariñas Sandra Insua repasaba nese acto a historia das persoas asasinadas e manifestaba: “Hoxe saldamos unha débeda histórica cos nosos veciños que foron represaliados durante a Guerra Civil. Queremos lembrar ás vítimas do noso concello ás que lles arrebataron a vida por loitar por unha España diferente, de progreso e democracia. A súa memoria non será esquecida. A súa loita, o seu compromiso coa liberdade, a súa valentía en tempos difíciles, todo iso vivirá nas nosas mentes e nos nosos corazóns”. E María Rivas, Subdelegada do Goberno na Coruña, subliñaba a importancia destes actos de reparación, xustiza e dignidade” que “recoñecen o compromiso coa liberdade e cos valores democráticos destas vilas”.

Sen dúbida algunha, foi un acto de xustiza e de reparación con todos aqueles que loitaron en defensa da liberdade e da democracia. Por outra parte, o concello de Camariñas xa tomou iniciativas para o cumprimento da Lei de Memoria Histórica de 2007 retirando a distinción de Alcalde Honorario ao ditador Francisco Franco, así como unha placa co xugo e as frechas franquistas dun grupo de vivendas. Por outra banda tamén retirou a rúa dedicada a Eugenio López, falanxista, gobernador civil e fiscal na ditadura ao adicarlle ao Alcalde Juan Bautista Santos Ramos.. Mais sería unha incongruencia, unha indignidade, unha ofensa á memoria das vítimas do franquismo, unha vergoña para Camariñas e un incumprimento da LMD, manter a avenida Ambrosio Feijoo, que destacou pola súa participación na represión despois do golpe de Estado de 1936 daqueles que defendían a democracia e a legalidade.

A alcaldesa manifestaba no 2023: “Son consciente de que este acto tiña que chegar antes”, e anunciaba: “Comprométome a que, desde hoxe, cada 31 de outubro honraremos o recordo destas persoas”.

Pois ben, lembrando este compromiso da alcaldesa, e para “saldar esa débeda histórica cos nosos veciños”, o BNG propón os seguintes Acordos

1. A retirada da Avenida Ambrosio Feijoo, en cumprimento da Lei de Memoria Democrática.
 2. Realizar unha consulta popular, organizada polo concello, atendendo as propostas das entidades do concello, para elixir o novo nome desa avenida. Para o que propoñemos nomes como, avenida das mariscadoras, das palilleiras, Avenida do encaixe ou con máis sentido, Avenida de Alexandre Bóveda, Castelao ou Rosalía de Castro entre outros.
 3. Difundir o contido desa moción, así como as razóns da retirada do rueiro e a biografía de Ambrosio Feijoo, segundo o obxectivo do artigo 1.1 da LMD: “Recuperación, salvagarda e difusión da memoria democrática, entendida como coñecemento da reivindicación e defensa dos valores democráticos e dos dereitos e liberdades fundamentais”.
 4. Celebrar na Dársena de Camariñas un acto arredor do 31 de outubro de 2025 de lembranza e homenaxe ás persoas de Camariñas que foron represaliadas por defender a democracia e o goberno lexítimo da República.
- Camariñas, a 18 de marzo de 2025.”

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa di que están de acordo pero o da consulta popular non, porque se pode montar a mari morena, inda acabamos de ter un pleno, si se acorda non che digo cando, hai que saber si é unha persoa que sexa por unanimidade, o 31 de outubro xa fixemos o acto da Ponte de Porte e aquí Camariñas, sempre temos unha reseña pero consulta popular non.

Sra Mouzo aquí están expostos os motivos da retirada pero gustárame saber os motivos polos cales se concedíu, igual que propón consulta popular estaría ben saber o que pensan os veciños de Camariñas e si están de acordo coa retirada.

Sra alcaldesa é por lei e hai que cumplilas, solo queda esa calle, porque cando empezamos había moito traballo que facer, solo falta ese capítulo, vamos pouco a pouco, durante o ano igual non pero de cara marzo do 2026.

Sr Mejuto me da igual si supone un gasto no, no seremos capaces de un nombre, apoyaría la propuesta de una combianción sencillo de números y letras.

-----VOTACIÓNS-----

Non habendo mais intervencións sométese á votación co seguinte resultado:

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinhas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2025/G010/000005

Votacións:

Votos a favor: 9

1 GRUPO MIXTO - BNG
8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 4

0 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
4 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: maioría absoluta.
Estado da Proposta: Aprobada.

11º. Mocións urxencia:

11.c) Moción do PSOE relativa ao estado da AC-432 e solicitude de reparación urxente a Xunta de Galicia.

Sométese á votación a urxencia e resulta ratificada por unanimidade dos presentes.

O Sr Caamaño procede a lectura da MOCIÓN:

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE CAMARIÑAS RELATIVA AO ESTADO DA AC-432 E SOLICITUDE DE REPARACIÓN URXENTE Á XUNTA DE GALICIA

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Camariñas somete á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A estrada AC-432, fundamental para a comunicación e o desenvolvemento socioeconómico de Camariñas e Vimianzo, atópase nun estado de deterioración alarmante. O firme presenta fochancas, gretas e afundimentos que comprometen gravemente a seguridade viaria, afectando a diario aos usuarios desta vía.

O mal estado da AC-432 non só dificulta a circulación, senón que incrementa o risco de accidentes, poñendo en perigo a integridade de condutores e peóns. Ademais, esta situación prexudica o transporte de mercadorías e o acceso a servizos básicos, impactando negativamente na economía local.

A pesar das reiteradas queixas da cidadanía e das demandas dos concellos afectados, a Xunta de Galicia limitouse a realizar reparacións parciais, deixando numerosos tramos en estado deficiente. En particular, no termo municipal de Camariñas non se actuou nos tramos que atravesan os núcleos de Xaviña e Dor, nin na rúa Curros en Ponte do Porto. Ademais, as reparacións realizadas non foron completas, deixando medio arcén sen pavimentar, o que supón un perigo para peóns e usuarios de bicicletas, ciclomotores, tractores e microcoches.

As beirarrúas da Avenida da Coruña, na AC-432, presentan un estado de grave deterioro, con fendas e zonas sen accesibilidade para persoas con mobilidade reducida. Esta situación supón un risco constante para peóns, especialmente para os nosos maiores e nenos.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2025/G010/000005

O mantemento da AC-432 é competencia da Xunta de Galicia, sendo a súa responsabilidade garantir unhas condicións adecuadas de seguridade e comodidade para os seus usuarios.

PARTE DISPOSITIVA:

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación polo Pleno do Concello:

- 1 Instar á Xunta de Galicia a acometer, con carácter de urxencia, a reparación integral da estrada AC-432, garantindo a seguridade viaria e a comodidade dos seus usuarios.
- 2 Solicitar á Xunta de Galicia a elaboración dun plan de actuación detallado, con prazos concretos, para a reparación da AC-432, e a comunicación periódica deste plan aos concellos afectados.
- 3 Esixir á Xunta de Galicia a asignación dos recursos orzamentarios necesarios para a reparación da AC-432, priorizando esta actuación dentro dos seus plans de investimento en infraestruturas.
- 4 Dar traslado desta moción á Xunta de Galicia e ao Concello de Vimianzo.

En Camariñas, a 21 de marzo de 2025.”

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra Mouzo di que estamos de acordo que a carretera necesitan melloras. Xa volo comentara, xa hai varios plenos que comentáramos que se iba a facer, que se estaba co proxectos, pero a moción chega tarde porque xa se dió a licitación. Anunciouse o 11 de marzo, saíu a licitación o 8, o día 8 de marzo, se non recordo mal. Vaise invertir un millón e medio de euros na mellora desa vía. É unha actuación que se vai a realizar nos próximos meses.

Sra alcaidesadi si van incluídas as aceras de Cerdeimar.

Sra Mouzo di que non viu o proxecto, pero entende que as aceras non.

Sr Caamaño di se pode conseguir o enlace á plataforma de contratación do Estado onde seguramente están proxectos para que podamos ver en que nos afecta. Sobre todo se vai incluído o tema das aceras de Cerdeimar.

Sra alcaidesa di que o tramo das aceras, pido eu, porque polo que teño entendido as acerason de estradas.

Sra Mouzo di que consta que esas aceras as fixo o concello en sú momento.

Sr Mejuto di que o que non está claro é de quen é agora mesmo a competencia. Se as fixo o Ayuntamiento, está claro de quen é competencia, a quen compete a reparación.

Sr Rodríguez di que non podo estar máis de acordo con esa moción, que xa presentara no principio do mandato. É necesario que a vía estea continuamente mantida, que non se deixe caer como se acabou deixando. E a mí me parece que a xunta de repente aparecen cousas aí debaixo aí atrás nos orzamentos da xunta presentouse unha emenda xusto para a reparación levase presentando esa emenda catro anos, por lo menos, que eu saiba, e sempre rechazaron e de repente sacaron o dinero de outra cousa para aí.

Sra. alcaidesa di que nos presentamos a moción para que se faga a carretera, e si as aceras non corresponden o Concello que as metan no proxecto.

Sra Mouzo di que votan a favor tal como está a moción e logo si non están incluídas as aceras presentamos outra moción.

-----VOTACIÓNS-----

Non habendo mais intervencións sométese á votación co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 13

- 1 GRUPO MIXTO - BNG
- 8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 4 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2025/G010/000005

0 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0
0 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: unanimidade.
Estado da Proposta: Aprobada.

12. Rogos e Preguntas.

Sra Mouzo roga que se teñan conta o mal estado das vías e camiños de Dor e tamén o estado das dúas fontes que hai ali.

Rogamos que se mellore a vía que vai desde Tasaraño a Piosa, en Xabiña.

Que se tome nota do mal estado das aceras do castillo. Recibimos queixas tamén do mal estado que se encontran moitas pistas forestales.

Tamén nos chexaron queixas polo estado do lavadeiro de Tasaraño.

Rogar tamén que cando decidades facer unha distinción a alguen, que se nos consulte ou que se nos convoque unha reunión con tempo para comentalo si de verdade nos interesa ter un consenso. E tamén que informedes os membros a todos da corporación de todos os actos que se fan hoxe, por exemplo, houbo Pili Neira e non se nos comunicou para nada. O acto de Camelle do 8M da placa da señora enterámonos polas redes no mesmo día.

Sr Mejuto di que por exemplo, esta Sra que fixo moito por o fútbol en España pois invitar a Paula non como política, es la capitana del equipo de fútbol de Camariñas. Podía haber estado ahí. Estamos hablando de fútbol. Podía haber estado ella.

Sra alcaldesa di que a charla era para os adolescentes do instituto para o público non era un recoñecemento á Sra viña a dar unha charla feminista dentro do programa 8M e eu creo que nas redes sociais salíu e na prensa tamén salíu non sei, tú lo tuviste que saber porque na prensa tú la lees todos os días e os datos do 8M salíeron na prensa e se dicía, non podemos ter dúas varas de medir. Acabárame de dicir que, a ver, como eu non me enterei do millón a medio que vai vir para a carretera que salíu publicado, como vos non vos enteraste dos datos do 8M, iba ese acto e saliú na voz de Galicia e saliú no Facebook e era de todas as maneiras, era para os alumnos non era para o público en general.

Sr Amado di que ten un rogo, que se solucionara o mal estado que é no no Campo de fútbol da Grixá, na ponte do Porto.

Sr Rodríguez di que as arquetas da rua do alcalde, Juan Bautista que sigan tupidas, e que os que están poñendo raticidas que non sei como se están facendo as cousas ou non sei que están facendo porque comunican que se viron ratas.

Sra alcaldesa faixe cada 15 días, iso das arquetas tupidas, hai arquetas que tan tapadas e non son tupidas. Por exemplo, se ti baixas agora por aí, ves que hai arquetas tapadas pero non estan tupidas.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2025/G010/000005

Sr Rodríguez roga que se rematen as horas da Escola de Camelle e que quedaron a medias. O pintado nas paredes e que se dote de coberta a Escola de Camelle e se desbote a rehabilitación da lonxa, que se utilicase o diñeiro para ese fin, por exemplo.

Dase conta das PREGUNTAS formuladas pola Sra Mouzo polo rexistro da Corporación:

- 1-Que servizos presta na actualidade a empresa Gestión Residuos Vimianzo SL para o concello de Camariñas?
- 2-Cantas facturas presentou e con que importes, a empresa Gestión Residuos Vimianzo S.L. durante o 2024 e o 2025?
- 3-Que servizos prestou a Renault Premium 280.18 con matrícula 4664-FZL no concello de Camariñas, desde o mes de outubro de 2024?
- 4-Que reparacións requería o citado camión (Renault Premium matrícula 4664-FZL), propiedade do concello, para poder prestar o servizo ?
- 5- Cónstalle que se efectuara algún tipo de reparación no camión?
- 6- Cónstalle ao concello de Camariñas que o camión (Renault Premium matrícula 4664- FZL) conte coas condicións de seguridade necesarias para prestar o servizo de recollida de lixo?

Procede a súa contestación o Sr Caamaño:

INTRODUCCIÓN:

Antes de responder as preguntas, aclárase o contexto: O camión do lixo permaneceu frecuentemente en talleres, como demostran as facturas dos anos anteriores a que se deixase de usar. No último ano de funcionamento, as reparacións ascenderon a 14.562,71 euros.

Cando o encargado comunicou a avaría do camión, decidiuse alugar temporalmente un camión a empresa SIAVI, licitando o servizo en abril de 2022. A licitación actual, de 2024, foi adxudicada novamente a SIAVI.

Encargouse un informe técnico emitido por un perito independente e, unha vez analizado, acordouse a licitación da venda do camión a través da Plataforma de Contratación do Estado. A publicación realizouse en agosto de 2024 e a adxudicación a Gestión de Residuos Vimianzo S.L. en outubro. Todas as licitacións realizáronse de maneira pública conforme á normativa vixente.

Agora respondo as preguntas.

1. Servizos prestados por Gestión de Residuos Vimianzo S.L.: Actualmente en materia de residuos, encárgase da recollida de voluminosos, papel-cartón, envases lixeiros e do lavado de contedores.
2. Facturas presentadas:
 - As facturas por recollida e xestión de residuos voluminosos presentadas no 2024 ascenden a 44.605 €. No 2025 ascenden a 11.528 €.
 - As facturas por recollida de papel-cartón presentadas no 2024 ascenden a 12.436 €. No 2025 ascenden a 3.915,56 €.
 - As facturas de lavado de contedores presentadas no 2024 ascenden a 4.074,40 €.
3. Servizos prestados polo camión vendido:

Xa non pertence ao Concello de Camariñas, polo que foi necesario consultar co actual propietario. Informounos de que utilizou o camión cinco veces para a recollida de contedores amarelos no Concello de Camariñas e que usou outro camión (matrícula 0145DCL) en vinte ocasións para a mesma finalidade. Ademais, indicou que o camión comprado está a ser empregado para a recollida de lixo noutros concellos.
4. Reparacións necesarias. Segundo o informe técnico emitido por un perito independente, que se publicou na plataforma de contratacións do estado e que podedes acceder a el sen necesidade de que volo dicte, o camión presentaba os seguintes problemas que afectarían a súa operatividade e seguridade:
 - a. Óxido na estrutura, especialmente no brazo de recollida: O óxido avanzado pode comprometer

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2025/G010/000005

a estrutura e o funcionamento do mecanismo de carga, requirindo reparacións ou substitución de compoñentes afectados.

b. Escaleira do condutor en mal estado: debe ser reparada correctamente para garantir seguridade ao persoal.

c. Problemas co embrague: Podería requirir unha revisión e, posiblemente, a substitución do sistema de embrague.

d. Danos no paragolpes dianteiro e faro esquerdo opaco: Podería afectar á visibilidade e seguridade, polo que habería que reparar ou substituír estas partes.

e. Batería descargada: Necesitaría unha substitución.

f. Desgaste na instrumentación e asentos: Aínda que non é crítico para o funcionamento, é necesario reparar ou substituír partes desgastadas.

5. Reparacións realizadas. Para saber que reparacións se lle fixeron ao camión houbo que consultar ao seu actual propietario e que de boa fé nolas comunicou.

Foron:

a. Reparación do brazo de recollida, substitución de chapas e botellas hidráulicas, chorreado e pintado: 5.000 €.

b. Reparación do elevador de contedores: 1.410 €.

c. Substitución da escaleira do condutor e do acompañante: 400 €.

d. Reparación do cambio automático, centralita e cableado: 3.000 €.

e. Substitución da iluminación total do camión: 1.700 €.

f. Substitución das defensas: 600 €.

g. Substitución das baterías: 800 €.

h. Substitución dos asentos: 300 €.

i. Reparación do sistema AdBlue: 5.000 €.

j. Substitución das rodas: 3.300 €.

Custe total estimado das reparacións: 21.510 €.

6. Condicións de seguridade do camión. Para asegurarse de que un camión de recollida de lixo ou calquera outro vehículo está en condicións seguras, pódese comprobar o selo da Inspección Técnica de Vehículos (ITV): O selo da ITV confirma que o camión superou os controis de seguridade e emisións. Como o camión non é noso, houbo que consultar ao actual propietario e díxonos que o selo é de decembro do 2024 e a próxima revisión correspóndelle en xuño do 2025. Polo tanto entendemos que cumpre cas condicións de seguridade.

Sra Mouzo pregunta si está previsto a incorporación inmediata de algun policía local.

Sra alcaldesa di que solicitamos a AGASP dous auxiliares nos 3 meses e estan facendo o proceso de selección do segundo policía local e o que temos está de baixa.

Sr Mejuto pregunta si para a mostra se vai coordinar con Protección Civil e quen

Sra alcaldesa contesta que coordina Protección Civil o presidente, pero é igual, para Mostra vai haber policía local.

Sra Mouzo pregunta que melloras se efectuaron recentemente na senda de Reira? Canto se invertiu nas mesmas?

Sra alcaldesa di que chamamos a Tragsa, cando vimos que viñan outros baches, tamén chamei o xefe de costas, a Carlos Gil, dixo que se asumía el os gastos todos, non nos costou nada de nada.

Sr Mejuto pregunta si xa está entregada a obra.

Sra alcaldesa contesta que sí, pero estaba en garantía, no límite.

Sr Mejuto pregunta si de aquí o verán hai baches o van arreglar eles ou nos.

Sra alcaldesa di que despois da garantía teremos que ser nos, que é nosa.

Sra Mouzo pregunta que pasa na rúa Ramón Noguera o Sr Caamaño contesta que unha casa solicitou enganche e ten que soterrar o cableado.

Sra Paula pregunta cando se solicitou eso.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2025/G010/000005

Sr Caamaño di que cree que presentaron o primer proxecto e presentaron un aval de 20.000 euros.

O Sr Rodríguez pregunta si sabemos algo da chabola do Curro, que o tipo sigue ampliando, move postes, está facendo a San Quintín alí e ten cámaras hacia rúa o que a Sra alcaldesa di que mañá dará traslado xa que ten que poñer unha denuncia por un ataque cibernético que ven a Garda Civil.

Sr Rodríguez pregunta cando se vai rematar o museo de Camelle e onde están as anclas.

Sra alcaldesa contesta que están alí dentro.

Sr Rodríguez pregunta pola acera da rúa no cruce de Camelle que hai fochancas diante da casa de Guillermina.

Sra alcaldesa contesta que non ía previsto o arreglo das aceras o que si agora iban a presentar un modificado para incluír a acera polo lado de enfrente de Guillermina hasta o cruce.

Sr Rodríguez pregunta pola reparación e reposición de servizos ata Fonte caño, di que se pode aproveitar e que movan 50 centímetros para que se poida pasar para ir andando por aí. Tamén pregunta polo xuízo sobre acera de Arou si se sabe algo o que a Sra alcaldesa contesta que non hai nada aínda.

Sr Rodríguez pregunta que vai facer Patrimonio no porto e a Sra alcaldesa contesta que non sabemos por iso pedimos información.

Sr Rodríguez pregunta porque se cortou a árbore da Praza do Concello o que contesta a Sra Liñeiro porque estaba enfermo, intentaremos repoñelo pero agora non está previsto.

Sr Rodríguez pregunta si se sabe algo do arranxo integral da DP 301 que iba ir o Pleno da Deputación.

O que a Sra alcaldesa contesta que según me comentaron os de diputación está todo exactamente igual como estaba, alí hai un garaxe que son os da Aurora que hai que respetar. É o que me dín tamén, é verdade, que agora mesmo hai un poste de formigón que é do geriátrico, a xente está aparcando polo lado donde hai que abrir para salir. Entón, cando se acaban as obras do geriátrico, marcar o aparcamento polo lado, pasando para o ponto do Porto a dereita, entón, se ti vais pola esquerda, abres perfectamente para salir para Curro. Pero, dime que está todo exactamente igual como estaba. Iso foi a contestación que dou Mónica na diputación, no pleno ese, que lle pediron explicacións.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Alcaldesa levántase a sesión, senda as 20:10 horas de todo o cal, levántase acta por min, que como secretaria acumulada, dou fe e certifico.

Asinado dixitalmente, na data que figura ao marxe, pola Secretaria acumulada do Concello Rocío Hermida Cancela, co visto e praxe da Alcaldesa Sandra Insua Rial